

Acta da Asemblea Xeral

11 de outubro de 2024

Lugar: Hotel Santiago Apóstol (Costa San Marcos 1-Santiago de Compostela)

Hora: 19:30 h sesión ordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Regulamentos e normativas 2025
- 3.- Calendarios 2025
- 5.- Contas 2023- Reformulación e aprobación se procede.
- 4.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar da Xuventude- Gustavo Álvarez Nogueira
Cidade de Lugo Fluvial- Adrián Vázquez Fernández
Club Triatlón Ferrol –(Silvia Álvarez Vieito- Delegación)
Club Triatlón Santiago- Paloma Herbello Hermelo
Club Triatlón Rias Baixas, Enrique Hernández Moldes
Club Olímpico de Vedra – Isabel Lobato López
Club Triatlón Poio- (Faustino Meis Veiga- Delegación)
Club Natación Cedeira- Xan Xosé Suárez Vilela

ESTAMENTO DEPORTISTAS

Pablo Cabanelas Eiras
Patricio Farías Forneiro

ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña*

ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro*
Javier Ángel Vázquez Orejas

Asiste por autorización do presidente Juan Carlos Ageitos Romero (Delegado comarca Santiago-Xunta Directiva)

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Iniciase a sesión ás 20:00 h en segunda convocatoria ao non haber quorum na primeira.

1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Procédese á votación da acta e queda aprobada.

Votos a favor- 11
Votos en contra-0
Abstencións- 0

2.- Regulamentos e Normativas-

Incorporase Paloma Herbello-Triatlón Santiago.

O presidente expón a proposta da Xunta Directiva de cobro de cotas aos menores. Modificando os artigos nos que se fai referencia á prohibición de cobrar a todos os menores de 16 anos. Acórdase votar primeiro a posibilidade de cobro recollida no artigo 6.4 b. E posteriormente desgrosar o cobro en probas nas que os xuvenís participan como absolutos e resto de probas de menores.

- Proposta de modificar o Artigo 6.4 b/ Art. 8.3.- Os xuvenís e as categorías menores non pagarán inscricións en ningunha proba. No caso de inscribirse e non asistir o club pagará a penalización correspondente: 5 euros por non presentado. Sendo reembolsado este importe ao organizador por parte da FEGATRI que o facturará aos clubs.

Propónse a modificación do artigo anterior autorizando o cobro de cotas a categorías menores

Eliminar o Artigo 6.4 b/ modificar o art. 8.3- Naquelas probas de menores e circuitos nas que non se cobre cota de inscrición. No caso de inscribirse e non asistir o club pagará a penalización correspondente: 5 euros por non presentado. Sendo reembolsado este importe ao organizador por parte da FEGATRI, quen o facturará aos clubs ao final da tempada.

Procédese á votación

Votos a favor- 8

Votos en contra-(C. Olímpico de Vedra, T Ferrol-,T. Cidade de Lugo Fluvial)

Abstencións- 1 Mónica Flores

Queda aprobada a posibilidade de cobro a menores e nova redacción do artigo .

- Procédese á votación para **autorizar o cobro, nas mesmas condición de cota, a xuvenís e/ou menores que participen/opten á clasificación absoluta nunha competición.**

Votos a favor- 7

Votos en contra-1 (T. Cidade de Lugo Fluvial)

Abstencións- 3 C. Olímpico de Vedra, Monica Flores, Patricio Farías)

Apróbase o cobro a xuvenís ou menores que participen en probas absolutas, nas mesmas condicións que o resto de categorías. (Engadir un punto a) ao artigo 8.3)

- Procédese á votación para **autorizar o cobro de 2€ de cota, en probas de menores e circuito súper sprint e calquera outra proba cualificada como menores dentro do proxecto federativo** (non compiten nunha carreira absoluta con outras categorías). (Engadir un punto b) ao artigo 8.3)

Votos a favor- 5

Votos en contra-7 (T. Ferrol, T. Rias Baixas, T. Santiago, Club Olímpico de Vedra, T. Fluvial, Patricio Farias, Mónica Flores)

Abstencións- 1 Pablo Cabanelas

- Procédese á votación para **igualar en 5 euros a penalización en todas as probas de menores gratuítas. Eliminando a diferenza no nada e corre cuxa cota era diferente.**

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións- 0

- Proposta de engadir ao regulamento xeral un punto en relación á **normativa para Remudas Mixtas en competicións de menores.**

- 7.9) Remuda Mixta de Triatlón de Menores

A remuda estará composta por 1 deportista masculino e 1 deportistas feminina de categoría alevín e categoría 1 deportista masculino e 1 deportistas feminina de categoría Infantil. Cada deportista realizará un triatlón coas seguintes distancias, 100m. Natación, 2 Km ciclismo, 500 m. Carreira a pé. O resto de normas a aplicar serán as do regulamento oficial de competicións para esta modalidade. A remuda será obrigatoria no Cpto Galego e recomendable no resto

- 7.10) Remuda Mixta de Dúatlon de Menores

A remuda estará composta por 1 deportista masculino e 1 deportistas feminina de categoría alevín e categoría 1 deportista masculino e 1 deportistas feminina de categoría Infantil. Cada deportista realizará un triatlón coas seguintes distancias, 400m. Natación, 2 Km ciclismo, 200 m. Carreira a pé. O resto de normas a aplicar serán as do regulamento oficial de competicións para esta modalidade. A remuda será obrigatoria no Cpto Galego e recomendable no resto

- 7.11) Remuda Mixta de Acuatlón de Menores

A remuda estará composta por 1 deportista masculino e 1 deportistas feminina de categoría alevín e categoría 1 deportista masculino e 1 deportistas feminina de categoría Infantil. Cada deportista realizará un triatlón coas seguintes distancias, 50m. Natación, 500 m. Carreira a pé. O resto de normas a aplicar serán as do regulamento oficial de competicións para esta modalidade. A remuda será obrigatoria no Cpto Galego e recomendable no resto

Procédese á votación e queda aprobada a proposta de regulamentación .

Votos a favor- 12

Votos en contra-0

Abstencións- 1

- **Reglamentación de triatlón de menores.-** engadir no punto 5 o seguinte:

5- Realizarse Clasificación individual e por equipos en cada proba. A clasificación por equipos será a regulamentaria, coa suma do tempo dos tres primeiros de cada categoría. **Entregaranse trofeos aos tres primeiros e primeiras da clasificación individual e tres primeiros equipos.**

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións-0

Queda aprobada a proposta de regulamentación, unha vez procedido á votación.

- **Reglamentación de Cpto Galego de Acuatlón de menores.-**

Procédese á votación e queda aprobada a proposta.

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións-0

- **Reglamentación de Nada e Corre.-** engadir

6. Outras normas. A prohibición de utilización de zapatillas de cravos na carreira a pé e eliminar a penalización por non participar na proba, recollida no punto previo de cotas de menores.

Procédese á votación e queda aprobada.

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións-0

- **Reglamentación de Dúatlon Cros.-** Non se propón modificacións en relación a 2024

Procédese á votación e queda aprobada.

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións-0

- **Reglamentación de circuito Súper sprint.-** Non se propón modificacións en relación a 2024

Procédese á votación e apróbase.

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións-0

- **Reglamentación de Ranking de clubs.-** Non se propón modificacións en relación a 2024.

Procédese á votación

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións-0

- **Tarifas federativas.-** Non se propón modificacións en relación a 2024.

Procédese á votación e queda aprobado.

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións-0

O presidente informa da creación dun proxecto de subvención a clubs, de cara a promover o incremento de licenzas, participación e organización de probas, no que se repartiría unha contía económica, a decidir na presentación de orzamentos. As contías distribuiríanse por puntuacións, organización de probas, novas licenzas,... Na próxima asemblea presentarase pechado para telo no inicio da tempada. Tamén se enviará nos próximos días unha enquisa aos clubs para coñecer os puntos febles na organización de eventos e as súas necesidades principais.

4.- Calendarios 2025.

Preséntase o calendario de probas, no que fundamentalmente se recollen as probas de Nada e Corre 2024 e as probas do primeiro trimestre, pola urxencia da súa inclusión en TRAZA. O presidente informa de que somos coñecedores de que haberá máis probas pero que se están pechando con distintos concellos.

DATA	CAMPIONATO		MODALIDADE	PROBA	LOCALIDADE
19/10/2024	Nada e Corre Ortigueira-Clasificatoria		NADA E CORRE 2024	ZONA 1	
3/11/2024	Nada e Corre Ribeira-Clasificatoria	Ribeira	NADA E CORRE 2024	ZONA 3	
16/11/2024	Nada e Corre Muros-Clasificatoria	Muros	NADA E CORRE 2024	ZONA 4	
15/12/2024	Nada e Corre Ribeira-Final Galega	Ribeira	NADA E CORRE 2024	CAMPIONATO GALEGO NADA E CORRE	
12/1/2025	XVI Dúatlon de Reis do Concello de Vimianzo	Concello de Vimianzo	DÚATLON CROS	CAMPIONATO GALEGO DÚATLON CROS	Vimianzo
12/1/2025	XVI Dúatlon de Reis do Concello de Vimianzo	Concello de Vimianzo	DÚATLON CROS	CAMPIONATO GALEGO SÚPER SPRINT (CD/XV/JN) DUATLON CROS/CIRCUÍTO SÚPER SPRINT-POPULAR	Vimianzo
15/3/2025	Dúatlon Contrarreloxo por Equipos Vedra	Olímpico de Vedra	DUATLON CONTRARRELOXO EQUIPOS	CAMPIONATO GALEGO CONTRA O RELOXO	Vedra
1/3/2025	XXII Dúatlon Cidade de Santiago	Triatlón Santiago	DUATLON ESTRADA	CIRCUÍTO DÚATLON ESTRADA/CIRCUÍTO SÚPER SPRINT (CD/XV/JN)	Santiago de Compostela
1/3/2025	XXV Dúatlon Cidade de Santiago	Triatlón Santiago	DUATLON SÚPER SPRINT (CD/XV/JN)	DUATLON ESCOLAR	Santiago de Compostela
22/3/2025	I Dúatlon de Menores de Navia	CT Mar de Vigo	DUATLON MENORES	CAMPIONATO GALEGO DUATLON MENORES	Navia-Vigo
26/4/2025	IX Dúatlon "Eleuterio Balayo" Concello de Muros	Concello de Muros	DUATLON ESTRADA	CAMPIONATO GALEGO SUPERSPRINT-CIRCUITO Supersprint	Muros
26/4/2025	IX Dúatlon "Eleuterio Balayo" Concello de Muros	Concello de Muros	DUATLON ESTRADA	POPULAR OFICIAL	Muros
3/5/2025	IV Dúatlon Val de Soneira de Vimianzo	Concello de Vimianzo	DÚATLON ESTRADA	CAMPIONATO GALEGO	Vimianzo
3/5/2025	IV Dúatlon Val de Soneira de Vimianzo	Concello de Vimianzo	DÚATLON ESTRADA	CIRCUÍTO DÚATLON SÚPER SPRINT/POPULAR	Vimianzo
24/5/2025	XXXV Triatlón Popular de Oleiros	Concello de Oleiros	TRIATLON ESTRADA	POPULAR	Oleiros
31/5/2025	IX Triatlón Porriño-Tui	Concello de Porriño e Concello de Tui	TRIATLON ESTRADA	CIRCUÍTO TRIATLÓN /POPULAR OFICIAL	O Porriño
1/6/2025	II Triatlón de Estrada de Menores de Vigo	CT Mar de Vigo	TRIATLON MENORES	TRIATLON DE MENORES	Vigo
7/6/2025	IX Mar de Muros Triatlón-Trofeo Iván Raña	Concello de Muros	TRIATLON ESTRADA	POPULAR OFICIAL	Muros
12/7/2025	Triatlón de menores de Ferrol	Triatlón Ferrol	TRIATLON MENORES	CAMPIONATO GALEGO	Ferrol
12/7/2025	Triatlón Súper Sprint de Ferrol	Triatlón Ferrol	TRIATLON SÚPER SPRINT	CIRCUÍTO SÚPER SPRINT	Ferrol
25/7/2025	Acuatlón Menores-Trishark Narón	AD Nautico de Narón	TRÍATLON ESTRADA	POPULAR OFICIAL	Narón
26/7/2025	VIII Trishark Narón	AD Nautico de Narón	TRÍATLON ESTRADA	CIRCUÍTO/POPULAR OFICIAL	Narón
21/9/2025	XIII Desafío Islas Cies	Asoc. Aguas Abiertas de Galicia	TRIATLON MD e AQUABIKE	CAMPIONATO GALEGO MD e AQUABIKE	Vigo

Procédese á votación e queda aprobado.

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións-0

5.- Reformulación das contas 2024 e aprobación se procede

O presidente informa de que se realizou petición da empresa de auditoría contratada pola Secretaría Xeral para o deporte de reformulación das contas. Aínda que se dera autorización para facelo na anterior asemblea piden que se aproben de novo en Asemblea Xeral e se volvan presentar no rexistro. Foi por iso que se engadiu como punto extraordinario

As contas foron enviadas aos asembleístas, os cambios realizados foron na memoria.

- a) Cambio do nome da Federación axustándoos ao CIF e engadido de feitos posteriores en relación ao despedimento do traballador Omar González Sampedro.

Procédese á votación e quedan aprobadas as contas.

Votos a favor- 12

Votos en contra-0

Abstencións-1

6.- Rogos e Preguntas

- Faustino Meis pide resposta da pregunta enviada polo seu club que non foi recibida na Federación. A pregunta era en relación a si se mirara a posibilidade de cronometraxe por parte da FEGATRI.

O presidente indica que si o mirou, entre 12.000 e 14:000 euros con 3 alfombras. Habería que mercar a maiores un ordenador e software para manexalo. O problema que se da é contratar as tres persoas para manexar o equipamento e moverse a un lugar e outro todo o ano. Montaxe de alfombras, caixas,... Loxística para almacenaxe e incluso a competencia (Ex. A federación de Atletismo tivo que crear unha empresa externa xa que non é competencia federativa o cobro por servizos de cronometraxe)

- O presidente informa que o Triatlón Ferrol lle achegou a pregunta para ver a posibilidade dun seguro para menores de 6 anos, de cara a captar nenos que se non se van a outro deporte. O Xogade, non permite nenos menores de 6 anos. Estase mirando co noso intermediario de seguros e vendo a posibilidade de que a FEGATRI se faga cargo do mesmo.

- Javier Vázquez Orejas plantea a necesidade de dar unha mellor cobertura nas redes e páxina web. Poñendo como exemplo a pouca promoción que se deu ao ouro olímpico de Susana Rodríguez e o feito de que á colaboración de Bioforestal, quen aportou pantalóns para os oficiais, non se lle estea dando presenza co difícil que é conseguir estes patrocinios.

Levántase a sesión ás 21:50 h. do 11 de outubro.



Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro



Asdo.- O presidente
Javier Campos Peña